

As laudas sepulcrais de San Francisco da Coruña (I)


ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ*
XOÁN L. VÁZQUEZ GÓMEZ**

Os debuxos son da autoria e propiedade de Alfredo Erias

INTRODUCCIÓN

No 1208 Alfonso IX, Rei de Galicia e León, outorgou un privilexio polo que concedía ó Concello da Coruña dúas leguas de contorno como *término*, pastos, auga, leña e madeiras, ademais do *Fuero de Benavente*. E especificaba o Rei, entre outras cousas, o seguinte: "*Et mando quod non recipiat in suam villam pro vicinis milites nec fratres...*" (*E mando que non reciban na súa vila por veciños soldados nin frades...*)¹.

Por ese tempo (1210) o Papa Inocencio X concedeu oralmente a Francisco de Asís e ós seus discípulos permiso para predicar a penitencia e levar unha vida de pobreza. A idea orixinaria do fundador era que os frades fosen só mendigos e predicadores, vivindo na máis absoluta das pobrezaas, sen constituir comunidades enclaustradas. Pero a realidade fixo isto inviable e Francisco rematará por codificar nunha regra escrita os deberes dos frades menores (a primeira data de 1221 e sería aprobada por Honorio III no 1223).



Plano de situación.

*Alfredo Erias Martínez é Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e funcionario do Concello de Betanzos, desempeñando a dirección do Arquivo, Biblioteca, Museo das Mariñas e Anuario Brigantino.

**Xoán L. Vázquez Gómez é Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Como arqueólogo do Concello da Coruña realizou numerosas excavacións nesta cidade, sendo director das que se levan a cabo nos terreos da igrexa e mosteiro de San Francisco.

¹GONZÁLEZ GARCÉS, Miguel. *Historia de La Coruña*. La Coruña, Caixa Galicia, 1987, p. 466.



A igrexa de San Francisco da Coruña nas primeiras décadas do s. XX.

Desde este tempo a Orde estendeuse rapidamente, sendo o núcleo do integrismo renovador do s. XIII, que preconizaba a volta ás orixes evanxélicas, empezando pola propia vestimenta, que semella querer imitar á de San Xoán Bautista. Engadía un acercamento á xente e, ademais, predicaba a maior posibilidade de ir ó Ceo, mediante o concepto do Purgatorio que, partindo dunha lixeira referencia no libro dos macabeos (12, 42-45) na que se testemuña que a plegaria e os sacrificios son bos para a remisión dos pecados dos defuntos, reaparece na Idade Media co *Tractatus de Purgatorio Sancti Patricii*, de Saltrey, e noutras obras posteriores.

Na Coruña, ó non poder instalarse dentro do recinto da vila, os franciscanos veranse na obriga de construír o seu convento fóra dos seus muros, aínda que perto deles (a muralla medieval ía, aproximadamente, pola actual rúa da Maestranza ata o Xardín de San Carlos).

O convento, segundo os historiadores franciscanos², foi fundado no 1214 por Frai Benincasa de Todi, enviado con ese obxectivo por San Francisco desde Santiago. Sería, polo tanto, nada menos que o segundo fundado pola Orde en Galicia. Non se recatan estes historiadores de relatar mesmo un milagre que tería por protagonista a Fr. Benincasa:

"Y fue que a los principios de la fundación del dicho convento, faltándole dineros con que comprar lo que habían de comer los hombres que trabajaban en la obra, se fue a la orilla del mar, y hecha la señal de la cruz encima del agua, fue cosa maravillosa, que al punto se llegaron a la orilla del agua mucha diversidad de pescados y esperaron a que el santo con sus manos tomase los que le pareciese. El santo, dando muchas gracias a nuestro Señor, tomó con alegría los que fueron menester para la comida de los obreros, y dio la bendición

²LÓPEZ, Fr. Atanasio, *La Provincia de España de los Frailes Menores: apuntes histórico-críticos sobre los orígenes de la Orden Franciscana en España*. Santiago, Tip. de *El Eco Franciscano*, 1915, p. 130.

a los demás, mandándoles que se recogiesen a sus lugares, como lo hicieron, acudiendo los demás días en el entretanto que duró la obra, en la mesma hora, a la orilla del mar, para que con ellos se proveyese el santo y también los obreros. Corrió la fama deste milagre por la ciudad y por toda la comarca, y visto, cada vecino con mucha devoción procuraba ayudar con sus limosnas para el edificio del convento"³.

Hoxe poderíamos ver neste milagre unha laboura de propaganda para conseguir alimentos, unha forte relación desde o principio dos franciscanos co gremio de mareantes (que lles proporcionarían gratis o peixe) e, en xeral, unha maneira de conseguir limosnas en todo o contorno para as grandes obras arquitectónicas que estaban a levar a cabo.

Pero, por se a existencia deste santo (enterrado nun arcosolio da igrexa e pintado na parede o milagre) fose pouco, custodiaban tamén, nada menos que "*una de las verdaderas espinas de la Corona de nuestro Señor Jesucristo*", que sanaba ós enfermos que a tocaban "*con devoción*": evidentemente se non sanaban, o problema sería da falta de devoción do enfermo. En calquer caso, sepulcro e espiña quedaron destruídos no ataque de Drake do s. XVI, do que se lamentan amargamente os historiadores da Orde.

Poderase dubidar dunha data tan cedo para a fundación, pero, en calquer caso, no 1262 D^a Teresa Yáñez de Deza puxo no seu testamento a seguinte cláusula: "*Et mando fratribus Minoribus de Cruna cc (sólidos)*"⁴. E no 1279 D. Pedro Abril, tesoureiro da igrexa de Santiago, deixa tamén no seu testamento: "*Fratribus minoribus de Crunia XX s/s*."... Para D. Ángel del Castillo a primeira data certa da existencia do cenobio procede dunha inscrición funeraria fragmentada, atopada na igrexa no lado da Epístola: "[...]LEDO[...]M:CCC:XXVII". Unha data que, sendo, sen dúbida, relativa á era hispánica, se corresponde co ano 1289⁵.

A relación dos franciscanos coa xente dos gremios debeu ser forte e, en certo modo, as laudas que se están a atopar avalan isto. A base do Concello da Coruña medieval era o que González Garcés chama, unha pequena burguesía artesana e pescadora, non residindo na cidade moitos nobres, debido á prohibición de ter "milites", Adelantado ou Merino. Moitos son os oficios, integrados en gremios, de que se ten testemuña documental para a Baixa Idade Media coruñesa: alfaiates, carpinteiros, zapateiros, ferreiros, taberneiros, tecedores, cordeiros, canteiros, aurífices, etc. A maioría estaban concentrados na cidade vella, aínda que fóra, na Pescadería, residían os mariñeiros, pescadores e demais oficios relacionados co mar (redeiros...). Logo hai tamén oficios de maior influencia social como: físicos, abogados, escribanos, mestres, ciruxanos, albéitares, etc⁶.

Moitos foron os persoeiros que pasaron polo convento, entre os que se conta, por exemplo, Alfonso XI no 1345. O propio Emperador Carlos V convocou na Coruña e celebrou en San Francisco, as Cortes do Reino no 1520, que lle outorgarían os fondos económicos necesarios para acadar o solio imperial. Felipe II, sendo aínda Príncipe no 1554, aloxouse alí antes de embarcar para Inglaterra, co obxecto de celebrar a súa boda coa Raíña María Tudor, filla de Enrique VIII e Catalina de Aragón. Tamén neste edificio

³*Crónica de la Provincia Franciscana de Santiago (1214-1614)*. Por un franciscano anónimo del siglo XVII. Introducción, rectificaciones y notas, por Manuel de CASTRO, O. F. M. Madrid, Archivo Ibero Americano, 1971, p. 33 ss.

⁴CARRÉ ALDAO, Eugenio. "Convento de San Francisco de La Coruña (siglos XIII-XV)". En B.R.A.G., n^o 85, Coruña, I-VII-1914, p.1.

⁵CASTILLO, Ángel del. "Iglesias gallegas: San Francisco de La Coruña". En: *Boletín de la Real Academia Gallega*, n^o 11, Coruña, 20-III-1907, p. 258.

⁶GONZÁLEZ GARCÉS, Miguel. *Op. cit.*, pp. 242-3.

pasou os seus derradeiros días D. Juan Martínez de Recalde, Vicealmirante da "*Armada Invencible*", cando retornou da frustrada invasión de Inglaterra...

Da laboura evanxelizadora realizada por estes franciscanos, é paradigma Frai Martín da Coruña, misioneiro en México no tempo de Hernán Cortés, formando parte da famosa "*Misión de los Doce Apóstoles*".

O convento sufriu numerosos avatares ó longo da súa historia. No 1589 foi incendiado durante o asedio de Drake á cidade, por orde do Marqués de Cerralbo, para evitar a súa utilización polos invasores. Precisamente, como consecuencia deste asedio e diante da evidente debilidade das murallas coruñesas, construíronse outras que, agora si, deixaron á igrexa e convento franciscanos dentro.

No 1651 volvería ser pasto do lume, como consecuencia da voadura do almacén de pólvora da Fortaleza Vella (actual Xardín de San Carlos), sendo restaurado por suscripción pública.

No 1752, segundo o Catastro de Ensenada, vivían nel 58 relixiosos e 3 legos.

Durante a epidemia de tifus que asolou á Coruña no 1809, foi utilizada a súa horta como "*Cementerio General*". O Decreto de Exclaustración do 26 de marzo de 1834 desaloxa ós frades do convento, sendo posteriormente utilizado como "*Depósito Correccional*", rematando por ser de propiedade particular. A partir da Guerra Civil (1936-39) foi destinado a "*Parque y Maestranza de Artillería*". Finalmente, no 1964 a igrexa foi trasladada ó seu actual emprazamento de Santa Margarita.

No 1991, en virtude do convenio suscrito entre o Ministerio de Defensa e o Concello, procedeuse ó derribo das instalacións castrenses, destinándose o seu terreo para parque público.

O 19 de maio de 1992 o Concello entregou á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia un *Informe Preliminar de la Excavación Arqueológica realizada en el antiguo Convento de San Francisco, sito en el actual Parque de la Real Maestranza de La Coruña* no que se verificaba a existencia de restos do antigo claustro conventual, así como da cimentación da igrexa. Así mesmo, facíase constar a aparición de varias laudas sepulcrais da Baixa Idade Media.

Posteriormente, o Concello levou a cabo sucesivas intervencións arqueolóxicas, que aínda continúan, e delas temos hoxe xa á vista unha boa parte dos cimentos das distintas construcións que se superpuxeron no tempo, así como unha completísima colección de laudas sepulcrais, que se incrementan día a día.

LAUDAS SEPULCRAIS

As laudas que aquí se presentan, todas de cantería, ubicáronse orixinariamente no chan da igrexa e do convento. Mesmo deberon estar no chan aquelas que semellan un carácter máis monumental, por representar ó finado: o forte desgaste de todas elas, debido fundamentalmente ás seculares pisadas da xente é boa proba.

A maioría son planas, pasando poucas veces do baixorrelevo a un altorrelevo moi aplanado.

Desde o punto de vista da epigrafía, podemos definir os seguintes grupos:

1) Laudas que son, en todo ou na maior parte, un puro campo epigráfico. Son as máis antigas, datándose unha delas con seguridade no 1299.

2) Laudas que reducen o seu campo epigráfico a un listel exterior frontal que as rodea, podendo quedar a zona interior, lisa ou como espacio para representacións formais, que van desde o símbolo sinxelo á representación humán. Son a maioría do s. XV.



Un aspecto das excavacións de San Francisco da Coruña.

3) Laudas sen campo epigráfico, probablemente por aludir a sepulturas de frades franciscanos, para os que a humildade é norma de vida.

Se nos atemos a características sociais, o espectro é grande, estando representados os tres estados clásicos:

1) Clero, particularmente franciscanos. Hai que constatar, nembargantes, que a humildade que leva á ausencia de identificación epigráfica, non se continúa noutros aspectos, xa que non podemos pensar que tivera a mesma importancia na comunidade franciscana local aquel que se enterra cunha simple lousa lisa, co único símbolo do cordón, que aqueloutro que se representa fisicamente.

2) Nobreza. Neste caso, os cabaleiros aparecen representados en baixorrelevo, sempre con espada, e nalgún caso con armadura e escudo heráldico. O can ós pés que entrevemos nun deles, é outro elemento indispensable da simbólica cabaleiresca.

3) O pobo traballador. Son artesáns, sobre todo, e tamén mariñeiros, aínda que non falta a muller dun notario... Son homes e mulleres que ocupan a maior parte das sepulturas coñecidas, dando a esta igrexa un carácter particularmente popular. Son laudas que dentro dun cordón franciscano, dun escudo, ou en todo o ancho do campo interior, adoitan representar símbolos do seu oficio, elementos que pertencen a unha linguaxe gremial da época, onde as identificacións formais eran inmediatamente comprendidas por todos, mentres que a escritura só pertencía á cotidianeidade de escasas minorías. De tódolos xeitos, as distancias sociais vense moi ben neste grupo, posto que á beira de moitas laudas sinxelas, hai algunha outra na que o artesán ou comerciante triunfador aparece retratado do mesmo xeito que o alto clero ou a nobreza.

Atendendo ó puro aspecto escultórico, a distinción tamén nos leva a tres grupos:

1) Laudas esencialmente epigráficas, das que podemos ver ademais das máis antigas, aquelas que só teñen o listel exterior coa lenda, deixando lisa a superficie interior.

2) Laudas con formas simbólicas non antropomórficas.

3) Laudas con representación do xacente.

Desde o punto de vista devocional, o cordón franciscano, símbolo por excelencia de ligazón á regra de San Francisco, representando os votos de pobreza, castidade e obediencia (cos seus tres nudos)⁷, ten un gran protagonismo, aínda que non absoluto, abarcando os distintos grupos sociais. O cordón, cando aparece como forma fundamental no campo simbólico, consta dunha circunferencia (a parte que rodea a cintura) da que cae un anaco, máis ou menos longo, cos tres nudos. A circunferencia aparece como o límite dun mundo protector no que se inscriben os que dentro se representan cos seus símbolos socialmente recoñecibles: un ceo ó que se chega pola vía dos tres votos. Naturalmente, se se representa ó finado, o cordón adoita aparecer cinguido. Resumindo, o cordón cumpre unha función profiláctica ou protectora, un pasaporte para a *outra vida*.

Por outra parte, a presenza do cordón franciscano en tódolos estados da sociedade coruñesa, demostra o seu prestixio como símbolo protector e, indirectamente, a importancia que a comunidade de frades menores tivo na Baixa Idade Media coruñesa.

Así, pois, amosemos estas preciosas pezas arqueolóxicas de múltiples lecturas.

SIGNOS CONVENCIONAIS UTILIZADOS NA TRANSCRIPCIÓN DAS LENDAS EPIGRÁFICAS

. = Letra que falta.

: = Interpunción. Separa palabras con dous ou tres puntos na propia lauda.

() = Desenrolo de abreviaturas, en minúscula.

{;?} = Diversas propostas de interpretación para unha letra ou letras fundidas.

△ = Letra de lectura dubidosa por rotura ou erosión.

[] = Lagoa ou elisión que se enche cunha proposta.

[...] = Lagoa dunha parte indeterminada do texto.

[.....] = Lagoa dunha liña completa do texto.

..... = Lagoa dun nº indeterminado de liñas.

/ = Cambio de liña.



Un aspecto das excavacións de San Francisco da Coruña.

⁷"Esta es la regla y vida de los hermanos: vivir en obediencia, en castidad y sin nada propio, y seguir la doctrina y las huellas de nuestro Señor Jesucristo, el cual dice: *Si quieres ser perfecto, vete y vende todas las cosas* (Lc 18,22) (Mt 19,21). Y también: *Si alguno quiere venir en pos de mí, niéguese a sí mismo y tome su cruz y sígame* (Mt 16,24)..." GUERRA, José Antonio (preparou a edición). *San Francisco de Asís: Escritos, Biografías, Documentos de la época*. Madrid, Biblioteca de Autores Cristianos, 1991, pp. 91-2.

1.- Lauda do zoqueiro Iohannes (1299)

Longo máximo: 2,01 m.

Ancho: 0,65 (esq.) / 0,61 (der.) m.

Toda ela está convertida en campo epigráfico, desenrolándose a lenda en catro liñas enmarcadas. Destacan dous símbolos fusiformes semellantes, cun buratiño no extremo esquerdo: son lanzadeiras de tear. Pero hai que dicir inmediatamente que foron gravadas con posterioridade á lauda orixinal, como o proba o feito de que a lanzadeira da segunda liña deixa entrever un A, e a da segunda, un I. Como hipótese, pode pensarse que algún descendente de Iohannes, quizais do gremio de tecedores, gravase esas marcas como unha forma de reivindicar a posesión da lauda.


Creemos que o debuxo que amosamos ten completos tódolos epígrafes. Desde este punto de vista, só nos quedaría a dúbida da primeira letra da 3ª liña, un D probablemente (a outra posibilidade sería un N), cousa que resulta difícil de comprobar, debido ó desgaste da pedra.


" : + : HIC : IACET IOH(an)N(e)S ZO-
Q(ue)YRO / Q(u)I OBIIT SUB ERA M :
CCC : III^(?) / ET VII [F]ECIERIT ISTA SII-
TA {¿sepultura?} / DICA P(ro) BO
A(n)I(m)A IIII(us) PAG NOSC"

Hic iacet Iohannes zoqueiro qui obiit sub era milesima tricentesima trigesima et septima fecierit ista "siita" (¿sepultura?) dica pro bo anima quatrus pater noster.

Aquí xace Xoan, zoqueiro, que finou na era 1337 (ano 1299) e fixo esta sepultura (?). Diga pola súa boa alma catro pais nosos.

A importancia desta lauda é grande, posto que está completa e, de momento, resulta ser a máis antiga datada do xacemento, despois da atopada por D. Ángel del Castillo, de 1289. A era 1337 correspóndese ó ano 1299, un momento no que, o mesmo que pasaba en Betanzos, a primeira igrexa e convento franciscanos xa formaban parte plenamente da realidade urbana e social da cidade, á espera das grandes obras góticas da segunda metade do s. XIV e do s. XV.





2.- Lauda dun "fanmulus" ou servo de Deus (crego ou frade) de finais do s. XIII

Dimensións da cara frontal: 1,30 x 0,66 / 0,62 m.

Formalmente semellante á anterior, e aproximadamente da mesma época (segunda metade ou finais do s. XIII), presenta algunhas diferencias: a ausencia de epígrafes no extremo esquerdo das dúas primeiras liñas (quizais para gravar algún símbolo) e o feito de estar en branco a última liña (a 4ª). ¿E que quedou sen rematar ou o que había que gravar non cubría todo o espacio?

Partida aproximadamente pola metade, a súa lectura non é doada, complicándose ademais porque algunhas letras están particularmente erosionadas. Pero si sabemos que o finado era un *fanmulus*, isto é, un servo de Deus (frade, crego...):

"OBIIT : FANMUL(u)S [DEL...]
 ID(us) DE(ce)NBRIS?) PER QU[I...]
 BASTIANO : SII BEA[TO...]"


3.- Lauda de Ioan de Caión (s. XV)

Dimensións...: 1,74 x 0,6/0,41 m.

Estamos diante dun tipo de lauda moi repetido: ten forma trapezoidal e un listel epigráfico que a rodea polo borde exterior da cara frontal. Neste caso, a sinxeleza é máxima, posto que o campo interior, que adoita levar algunha representación simbólica, aparece completamente liso. A pesar de ser do s. XV, ten arcaísmos latinos na lenda:

"A[U]I : / IAZ : IOAN : DE CAION : QUI / OBIIT : / X / KAL[ENDA]S : APRIL[I]S : A[NNO] MCCCC[...]"

O resto da data está completamente ilexible, pero podemos pensar, por comparación con outras laudas do mesmo xacemento, que estamos entre os anos 1440 e 1470 e que se refire a un inmigrante, probablemente un artesán ou mariñeiro do pobo próximo de pescadores de Caión.





Ciños das Corporacións de Carpinteiros de Bruxas (1356) e Saint-Trond (1481).

Medallas de asistencia das Corporacións de Carpin teiros de Amberes e Maëstrich.

Tomadas de Vida y costumbres de la Edad Media. Barcelona, Sopena, 1982.

4.- Lauda de María de Noiha (1442)


Dimensións...: 1,86 x 0,68/0,58 m.

Xa coñecida de vello por diversos traballos⁸ e actualmente no Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de San Antón, di así a súa lenda:

"AQ[U]J I : IAZ : M / ARIA : DE :
NOIHA : Q(ue) : FINOU : ANO : /
DE : MILL / ET CCCC XXXX II
ANOS"

Apareceu en abril de 1912 ó facer as obras do alcantarillado, ó remate da rúa

⁸"Noticias: Hallazgos Arqueológicos". En: *Boletín de la Real Academia Gallega*, nº 63, La Coruña, 20-VIII-1912, pp. 84-86. LUENGO MARTÍNEZ, José M^a. "Lauda funeraria del siglo XV con supervivencias célticas en el Museo Histórico-Arqueológico de La Coruña". En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. XXVI, fasc. 78, Santiago de Compostela, 1971, pp. 87-93. ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. "Xente da Baixa Idade Media (I): Sete mulleres con rollo". En: *Anuario Brigantino* 1987, nº 10, Concello de Betanzos, A Coruña, 1988, p. 118. BARRAL RIVADULLA, M^a Dolores. "Iconografía funeraria: restos de tres lápidas medievales ligadas al convento de San Francisco de La Coruña". En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. XLI, fasc. 106, Santiago de Compostela, 1993-94., pp. 258-9.




de San Francisco, entre a fachada posterior da capela da Orde Terceira e a parede lateral da do Bon Suceso, espacio que, segundo a primeira noticia de 1912 no *Boletín de la Real Academia Gallega*, pertenceu ó cemiterio da "antiquísima iglesia del Espíritu Santo, demolida en la pasada centuria, sobre cuyo atrio, y parte de su cementerio, se construyó el actual cuartel llamado de Macanaz, y otras edificaciones militares".

Xunto desta lauda apareceu outra, pero que tiña, segundo a dita noticia, os mesmos símbolos e a mesma inscrición, coa única diferenca de estar ilexible o nome do finado, polo que se supuxo eran marido e muller, ou polo menos da mesma familia.

No campo interior presenta un machado, ou, quizais mellor, unha macheta (máis pequena), unha escuadra (figura en ángulo recto) e probablemente un compás, xunto a outro artilluxio no medio do mango da macheta que nos resulta difícil de interpretar, aínda que se tratará, sen dúbida, dunha ferramenta de artesán, quizais un barreno (para taladrar a madeira), tan común na simboloxía medieval e moderna dos carpinteiros.

Don José M^a Luengo da a estes símbolos un carácter eminentemente sagrado, onde se funde o cristianismo (el ve no conxunto un crismón) con antigas reminiscencias célticas, caso do sol e da lúa, decartando que o machado teña carácter gremial, por tratarse da lauda dunha muller.

Nós cremos que, aínda que o sol e a lúa teñan un carácter relixioso máis antigo que o propio cristianismo, non por iso deben buscarse no s. XV máis explicacións a eses elementos que as que se derivan da súa función primordial en toda a Idade Media: a de flanquear a figura de Cristo crucificado, de onde se toman para este sepulcro. Polo demais, o contexto das demais laudas dinos que estamos no medio de símbolos do traballo e, polo tanto, gremiais, relativos, sen dúbida, ó marido da finada.



5.- Lauda de Tareiga (s. XV)

Dimensións...: 0,8 x 0,67 / 0,62 m.

Só nos apareceu un anaco da parte superior. Nel vemos claramente como a data foi vontariamente borrada. O que nos queda da lenda di:

"+AQ[U]I : I / AZ TAREI[GA][...] / [...]/ [...]"

O nome é común nas mulleres galegas da Baixa Idade Media. En *La Colección Documental de Santa Clara de Santiago (1196-1500)*, de Clara Cristela Rodríguez Núñez (*Liceo Franciscano*, núms. 136-138, Santiago, 1993), vemos 95 mulleres con ese nome (15,59%), nas variedades de *Tareia*, *Tareiga*, *Tareija*, *Tareyga*, *Thareija*, *Thareyia*, e, sobre todo (89 delas) *Teresa*.

A cruz en aspa debe aludir á Confraría de San Andrés, a dos pescadores.

6.- *Lauda de Iohan (s. XV)*

Dimensións...: 2,40 x 0,84 (reconstruindo o anaco que falta) / 0,63 m.

"+AQ[U]JI : IAZ : IOH /

AN : A[...] : [...]R[...]UE[...] : IIII : /

DIAS : DE /


DEZE(n)[BRE] : [...] : [...]"

É de supoñer que se date entre 1440 e 1470.


Nomes de muller no convento de Santa Clara de Santiago (1196-1500)

Nome	nº	%
Aldara	9	1,47
Aldonza	13	2,13
Azenda	2	0,33
Beatriz	2	0,33
Berenguela	6	0,99
Catalina	9	1,47
Cecilia	2	0,33
Clara	4	0,66
Constanza	36	5,92
Dominga	13	2,14
Elvira	39	6,4
Inés	18	2,95
Isabel	5	0,82
Justa	1	0,16
Leonor	10	1,64
Margarita	4	0,65
Marina	29	4,77
Maria	159	26,1
Mayor	94	15,44
Mencia	1	0,16
Sancha	36	5,92
Susana	2	0,33
Teresa	95	15,59
Toda	2	0,33
Urraca	18	2,97
25 nomes	609	100

Elaboración: A. Erias - Xan Vázquez a partir de *La Colección Documental de Santa Clara de Santiago (1196 a 1500)*, de Clara Rodríguez Núñez (*Liceo Franciscano*, 136-138)



A simboloxía das ondas lévanos, en principio, á idea dun oficio ligado ó mar. Pero Clodio González Pérez ("El cementerio de Noia, La Coruña", en: *Revista de Folklore*, nº 41, Valladolid, 1984, pp. 158-164) permítenos ir máis lonxe, porque di que os carpinteiros de Noia especializados na construción de toneles ou bocois utilizaban unhas ondas mariñas para distinguirse. Polo tanto, podemos estar aquí diante dun deses toneleiros, cousa non extraña nunha vila mariñeira e comercial como era a Coruña da Baixa Idade Media.



*Escudo medieval dos tecedores de Paris, no que se representa unha lanzadeira de tear, instrumento que veremos en máis dunha ocasión nas laudas de San Francisco da Coruña. Tomado de, *Vida y costumbres de la Edad Media. Op. cit.**


7.-Lauda de Mayor Vermúdez (1457-1459)

Dimensións...: 1,7 x 0,5 m.

[+AQUI : / IA]Z : MAYOR : VERMUU(de)Z :
M[OLLER] / [DE...] / [...]ORVE : Q(ue) : FF[I-
NOU] : A(nn)O D(omin)I M^o CCCC : LVII[...]]

Hai no medio un símbolo gremial que é unha lanzadeira de tear, pero curiosamente enmarcada nunha forma de escudo de armas. No s. XV aínda é posible atopar a mistura de símbolos destes dous mundos diferentes, o pobo e a nobreza. Co tempo os escudos heráldicos só quedarán para os nobres.

En calquer caso, representáenos aquí o oficio de tecedor ou tecelán (e quizais tamén outros do mundo do fiado e do tecido), que alude con toda probabilidade á propia finada e/ou ó seu esposo.




8.- Lauda dun posible muiñeiro chamado Afonso (1466)

Dimensións...: 1,92 x 0,73 / 0,68 m.

"S[EPULTURA] : D(e) :
AFONSO / [.....] CUYA :
ALMA / DEUS : AIA : [...] M
[CC]CC : LXVI ANOS"

No campo central atopamos o cordón franciscano, que enmarca na súa circunferencia unha roda dentada con eixo en cruz. Nun primeiro momento fíxonos pensar nunha roda de tear, un tipo de *orgo*, cousa que nos falaría dun tecelán. Pero ó comparar este símbolo cun rodicio de muiño, vimos que a semellanza é moi grande, polo que cremos estar diante dun muiñeiro.



9.- *Lauda dun pescador chamado Domingo (s. XV)*

Dimensións...:


1,43 x 0,95 (rec.) /
0,85 (rec.)

Só queda aproximadamente a metade superior. A lenda di así:

"[+AQ(u)I:]IAZ :
DOMINGO :
LOURE[...]/
[.....] / [.....]"

Supoñemos que o apelido será Loureiro ou Lourenzo...

No campo simbólico, un cordón franciscano enmarca dúas vieiras, que poden aludir á idea de peregrín, pero, neste caso, máis parece un signo gremial de pescador, complementado coa marca dun peixe no exterior do círculo. Frente ó peixe temos, en cambio, unha marca típica familiar (ese dobre triángulo) que iría, como unha especie de rexistro de propiedade, en tódalas pertenzas dos membros desa familia. Os tres riscos da dereita indicannos que estamos diante do terceiro fillo do xefe da familia, segundo nos fan supoñer as conclusións do libro de A. Santos Graça, *O poveiro: usos, costumes, tradições, lendas* (Povoa de Varzim, 1932).



10.- *Lauda de María Rodríguez (1417)*


Dimensións...: 1,42 x 0,64 / 0,59 m.

"+AQ(u)I : IAZ : / MARIA :
RODRIGUEZ : Q[...] / [.....] /
[...] : ANO : [D]O[M]INO: M :
CCCCXVII"


Actualmente está no Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de San Antón.

Coa mesma sinxeleza que tantas outras, vemos o cordón franciscano que enmarca a cabeza dun cánido. Tense interpretado como o lobo dos Moscoso⁹, pero éste adoita mirar á dereita (esquerda do espectador) e ter dentes moi marcados. Nada nos leva a pensar que estamos diante dunha lauda da nobreza. Téñase en conta, por exemplo, que por estas mesmas datas estanse a labrar algúns dos monumentais sepulcros de mulleres da familia Moscoso (unha delas, Constanza, esposa de Fernán Pérez de Andrade) na igrexa de Santo Domingo de Bonaval.

Nós cremos que estamos diante da figura dun can, que ten algún significado dentro dos oficios gremiais: ¿podería se-lo can que coida as ovellas e, polo tanto, remitirnos ó oficio de pastor ou derivado dentro do mundo textil?...



⁹GARCÍA GONZÁLEZ-LEDO, Xosé Antón e RIVADULLA PORTA, Xosé Enrique. "A colección heráldica do museo arqueolóxico e histórico da Coruña". En: *Brigantium*, nº 3. La Coruña, 1982, p. 198. BARRAL RIVADULLA, M^a Dolores. *Op. cit.*, p. 261.



**11.- Lauda da muller do notario
Pere Eanes (s. XV)**

Dimensións...: 1,1 x 0,65 (rec.) /
0,55.

"[.....] /
[...]: MOL[L]ER DE: PE /
RE [E]AN /
ES: NOTAREO: Q(u)I [...]"

Só queda aproximadamente a meta-
de inferior.

Aínda que dentro da sinxeleza xeral,
co único símbolo do cordón franciscano
(non sabemos se enmarcaría algún outro
elemento), a maior categoría social desta
muller, esposa dun notario (capa alta
do pobo, lindando e moitas veces saíndo
da nobreza), vese no feito de que as le-
tras do epígrafe e as liñas que enmarcan
o listel tamén aparecen en altorrelevo
como o cordón (cousa esta que xa era
normal), o que sen dúbida requeriu un
traballo máis coidado e, polo tanto, máis
custoso.


12.- *Lauda de alguén que se apelida Gonçalves (1465)*


Dimensións...: 1,37 (rec) x 0,77/0,66 m.

Queda algo máis da metade inferior.

"[+AQ(u)I : IAZ] /
[...] [G]ONCALVES : Q(ue)
: FINOU : ANO /
[DE : MILL :] /
CCCC : LX : V : ANOS

Totalmente sinxela, só nos amosa un elemental cordón franciscano.






13.- Lauda con cruz e cordón franciscano (s. XV)

Dimensións...: 1,96 x 0,75 / 0,72 m.

Aquí non hai listel nin epigrafe de ningún tipo. Samente unha cruz patada e un cordón franciscano, que nos falan de humildade e de ausencia de vanidade mundana (aínda que o mero feito de realizar esta lauda é contradictorio con iso).



En principio, poderíamos pensar que estamos diante da lauda dun franciscano. Pero os problemas xurden porque na cara oposta vemos, no medio, un escudo heráldico de tipo nobiliar cun león rampante mirando á dereita (esquerda do espectador), que quizais se refira, en principio, á familia Afonso, á que pertence Sancha Rodríguez, muller de Fernán Pérez de Andrade, da que vemos escudos semellantes (aínda que engade un cachorriño) no seu sarcófago do Museo das Mariñas¹⁰.

¹⁰ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. "Xente da Baixa Idade Media (III): Sancha Rodríguez, muller de Andrade e Nuño Freire, Mestre de Christus". En: *Anuario Brigantino* 1991, nº14, Concello de Betanzos, 1992, p. 185 ss.

Nesa cara, hai uns buracos rectangulares (sete a un lado e cinco ó outro) idénticos ós que se ven na lauda de María Rodríguez (nesta, na liña central, de arriba abaixo), quizais feitos nos dous casos para partilas e seren as pedras despois reutilizadas ou para fixar unha reixa de ferro...

Ademais os bordes nesa cara do escudo están en chaflán, pero quédanos a dúbida de se serán orixinais ou produto dunha reutilización. En calquer caso, ocórrrensenos dúas hipóteses:

1) Que a cara do escudo sexa a principal, que os chafláns sexan orixinais e que a cara oposta fose feita no mesmo momento. Nese caso, estaríamos probablemente diante da tapa dun sarcófago e a cruz e cordón franciscano irían cara adentro, como un signo devocional e de protección íntimo. Ten en contra esta hipótese que no xacemento non apareceron paralelos.

2) Que as dúas caras pertenzan a momentos diferentes (a do escudo podería ser máis antiga, da segunda metade do s. XIV ou principios do s. XV) e, polo tanto, estaríamos diante dunha reutilización posterior. Nese senso, o chaflán non sería orixinal e no seu lugar estaría o típico listel epigráfico.


Por agora, deixamos aquí o problema.

14.- *Lauda con cordón e vieira (s. XV)*

Dimensións...: 1,42 x 0,6 / 0,57 m.

Fáltalle aproximadamente a cuarta parte superior.

Como a anterior, tampouco ten epígrafes (signo de humildade). Só un cordón franciscano enmarca unha vieira, elemento cheo de simbolismos desde a Prehistoria, pero que aquí probablemente aluda ó carácter de pelegrín do finado, algo connatural á vida franciscana, polo que estaríamos diante dun frade desta Orde¹¹.



¹¹Pénsese nos pelegríns rodeados de vieiras de San Francisco de Betanzos. ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. "Xente da Baixa Idade Media (IV): Un Santiago Pelegrín, notarios, xurados e outros máis de Betanzos". En: *Anuario Brigantino* 1992, nº 13, Concello de Betanzos, 1993, pp. 205-222

15.- *Lauda dun franciscano*
(s. XIV-XV)

Dimensións...: 1,88 x 0,72 /
0,58 (rec.) m.

Coa técnica de baixorrelevo e enmarcado por un arco gótico trilobulado, a xeito de fornelo ou *hornacina*, aparécesenos a figura sorprendente dun franciscano. Sorprendente, sobre todo, porque non adoita haber sepulcros antropomorfos de franciscanos, debido á pobreza e humildade que profesan. Iso si, a humildade tiña que manifestarse dalgunha maneira e vémolos na ausencia de epígrafes. Pero, sen dúbida, a comunidade franciscana sabía ben quen era este destacado personaxe.

A figura mantén o xesto arcaico das mans cruzadas sobre o ventre (a dereita sobre a esquerda), do mesmo xeito que o suposto médico de mediados ou da segunda metade do s. XIV da igrexa de San Francisco de Betanzos¹². E ademais, este paralelo adivíñase tamén na maneira de debuxa-la túnica (similares pregos triangulares do remate). Desde este punto de vista, poderíamos estar aínda a mediados ou na segunda metade do s. XIV.

O arco é similar a outros da Coruña, pero lévanos a unha evolución propia. Mentres noutros, as palmeras laterais, de lonxana orixe paleocristiana¹³, evolucionan ata misturarse coas follas que rodean o arco

¹²ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. "Xente da Baixa Idade Media (II)". En: *Anuario Brigantino* 1988, nº 11, pp.141-162.

¹³ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. "Xente da Baixa Idade Media (I): Sete mulleres con rollo". *Op. cit.*

Eri45
VIII-92

0 10 cm

superior, follas que se confunden coa típica crestería gótica, pero que evolucionan a partir dos cordeiros paleocristianos¹⁴, aquí, nembargantes, xa non se ven esas follas, pero si as palmeiras, aínda que o escultor, de pobres recursos técnicos, non as reconece e limitouse a insinuar dúas árbores, sen maior precisión.

Todo o dito fainos pensar que o escultor copiou fórmulas próximas de mediados e da segunda metade do s. XIV, pero esa mesma referencia, esa impericia xeral, lévanos a pensar que quizais a data da lauda poida ser posterior, de finais dese século ou principios do seguinte.

16.- Lauda dun cabaleiro con espada e cordón franciscano (2ª metade s. XV)


Dimensións...: 1,05 x 0,4/0,43

Só queda un anaco da metade inferior.


O home veste un saio curto que chega ós xeonllos. As pernas levan calzas axustadas. Nos pés quedan os restos dos cans fieis.

O cordón franciscano é unha proba máis de que a devoción a San Francisco abrangue ós grupos sociais máis diversos. En Betanzos, o sepulcro de Fernán Pérez de Andrade, o cabaleiro galego por excelencia da segunda metade do s. XIV (morreu no 1397), tamén leva este cordón, aínda que dun xeito máis discreto.

Pode datarse na segunda metade do s. XV.



¹⁴O sepulcro máis clásico neste sentido é o dun home descoñecido do Museo de San Antón, no fronte dun sarcófago enteiro. Nel, as palmeiras son perfectamente recoñecibles. *Ibidem*.



17.- Un cabaleiro con espada e armadura (1484)

Dimensións...:
1,59 x 0,92 (rec.) /
0,76 (rec.) m.

O anaco da metade superior esquerda (vista de frente) que nos queda, permítenos unha certa reconstrucción da figura e, sobre todo, poder ler a súa data. Toda a lenda, como parece corresponder a persoeiros de importancia no contexto deste xacemento, e dentro do s. XV, aparece en altorrelevo:

"AQ(u)I : IAZ :
FER[NAN]:[...]
/ [.....] / [.....] /
[...].ON : Q(ue)
: FLAC(eu) :
AN(no) : D(o-
mini) : M :
CCCC :
LXXXIII"

Polo tanto, estamos diante dun cabaleiro chamado Fernán, que finou no 1484. O seu estilo, a posición das mans e outros detalles, fan moi semellante á lauda de

Juan de Andeiro, de Santo Domingo da Coruña, hoxe no Museo Arqueolóxico e Histórico de San Antón. E co noso achádego podemos agora engadir novas razóns á proposta de Carmen Manso Porto¹⁵ pola que ese Juan de Andeiro sería o rexedor da Coruña que fixo testamento no 1478, porque tanto a lauda dun como a do outro estarían realizadas no mesmo taller e polos mesmos anos.

¹⁵MANSO PORTO, Carmen. "El convento de Santo Domingo de La Coruña". En: *Anuario Brigantino* 1990, nº13, p. 235.

O noso Fernán, algo posterior a Juan de Andeiro, xa non ten restos do vello fornelo, e na cabeceira ten só o almofadón no que descansa a cabeza do cabaleiro. Pero nel aparece tamén un escudo nobiliari, que sería case idéntico ó que se considera como o primeiro da cidade de Betanzos (sepulcro do rexedor Jácome Mouro Reimónez en San Francisco desta cidade), se non fora porque o noso escudo ten tres torres sobre a ponte en vez de unha.


18.- Lauda de María, unha muller con rolo (s. XV)

Dimensións...: 0,56 x 0,8 (rec.) m.

Só temos un anaco da parte superior que, nembargantes, nos permite ve-la cabeza e constatar que estamos diante dunha muller que viste unha moda de grande éxito na escultura funeraria de Galicia entre, aproximadamente, 1380 e 1480¹⁶. Ten o coñecido *rollo* de bandas de tea na cabeza e viste un manto, seguramente de tres cuartos, e tódolos demais elementos (colar ou rosario...) propios desta moda, tan representada na Coruña de finais do s. XIV e da primeira metade do XV.


A diferenza doutras laudas coruñesas a figura non se enmarca no típico fornelo ou

¹⁶ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. "Xente da Baixa Idade Media (I): Sete mulleres con rolo". *Op. cit.* Tamén, "Xente da Baixa Idade Media (II)". *Op. cit.* E "Xente da Baixa Idade Media (III): Sancha Rodríguez, muller de Andrade e Nuño Freire, Mestre de Christus". En *Anuario Brigantino* 1991, nº 14.... pp. 185-222. Neste traballo xa se publicou o debuxo desta muller.



hornacina rematado en arco apuntado. No seu lugar aparece só o almofadón. ¿É isto un signo de atigüidade por remitirse a xacentes betanceiros (previsiblemente Sancha Rodríguez, muller de Fernán Pérez de Andrade, orixe do modelo para Galicia), ou, pola contra, é un exemplo tardío que, evolucionando coma outros xacentes coruñeses, tende a perder o fornelo e sustituílo polo almofadón? De momento deixamos a pregunta no ar, aínda que a primeira metade do s. XV pode se-lo marco cronolóxico no que se atope. A lenda do listel di así:

"[+AQ(u)I] : JAZ : MARIA / SOCARE[...] [.....] [.....]"



19.- Unha muller con cans brincadores no brial (s. XV)

Dimensións....: 0,82 x 0,54/0,48 m.

Producto dunha reutilización, como tantas outras, só queda un anaco rectanguloide da parte inferior. Nel podemos ver a mesma moda ou, polo menos, moi semellante das mulleres con manto en tres cuartos e, a maioría, tamén con *rollo* de bandas de tea na cabeza... É lástima que

os cans que se espiollan e que aparecen ós pés non se conserven en mellor estado, porque o seu áxil debuxo fálanos dun artista que aquí soubo poñer o seu selo nun modelo que non ofrecía moitas posibilidades ás variacións. De calquer maneira, os cans en si e nesa zona da falda ou brial, tampouco son un invento, senon que remiten a grandes xacentes de vulto de Santo Domingo de Bonaval (Constanza de Moscoso, de arredor de 1420) e de Sobrado, aínda que o modelo máis próximo e primeiro de todos na moda xeral antedita (e quizais tamén para os cans brincadores), fose o sepulcro de Sancha Rodríguez en San Francisco de Betanzos¹⁷.

De momento, datariámola na primeira metade do s. XV.

¹⁷ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. "Xente da Baixa Idade Media (III): Sancha Rodríguez..." *Op. cit.*

20.- Un xastre ou un mercador de paños que se gaba de se-lo (s. XV)

Dimensións...: 0,87 x 0,68 m.

"AQ(u)I IAZE[...] / [...]S MA[...] /
[.....] / [.....]"

Quédanos case a metade superior e nela vese borrada voutariamente a data. Do nome tampouco podemos ler nada máis que algunha letra solta e algunhas pegadas doutras.

De relevo aplanado, o que si temos é a figura dun home que cubre a súa cabeza con bonete dobrado, está afeitado, ten os ollos abertos (cosa moi pouco frecuente na época) e viste un saión, probablemente longo, enriba dun xubón. O saión podería estar solto ou ir cinguido por un cinto ou *trena*.

Representábase aquí un home que estaba fáchendoso do seu oficio e, o mesmo que o cabaleiro puxo no seu almofadón o escudo familiar, este home pon un símbolo gremial, unha tesoiira, que nos remite a un xastre importante, un mestre (os tosquiadores de ovellas tamén se representan na Baixa Idade Media con tesoiras semellantes) ou un mercador de paños. Nada extraño, unha vez máis, se temos en conta a gran cantidade de símbolos que atopamos neste xacemento, relativos ós oficios do proceso do vestido, polo que temos que concluir que o gremio de xastres ou alfaiates, da Confraría de San Miguel, tiña por San Francisco unha gran devoción.

En canto á súa datación, non cabe dúbida de que estamos no s. XV, e con toda probabilidade na súa segunda metade. O paralelo do escudo co cabaleiro que vimos (datado no 1484) é tamén unha boa referencia dentro do seu propio contexto. E en canto ó bonete, temos outro paralelo próximo no "*mercador*" e un dos líderes do levantamento irmandiño de 1467-69 en Betanzos, *Afonso de Carvallido* (orixinario probablemente da igrexa de Santa María do Azougue, hoxe atópase no Museo das Mariñas desa cidade)¹⁸.



¹⁸ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. "Afonso de Carvallido, un mercador betanceiro do s. XV, cabecilla dos irmandiños". En: *Anuario Brigantino* 1984, nº 7, pp. 14-18.

